

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**16131** *Lei 36/2010, do 22 de outubro, do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### PREÁMBULO

##### I. Antecedentes

O Fondo de Axuda ao Desenvolvemento (en diante, FAD) foi creado polo Real decreto lei 16/1976, do 24 de agosto, de ordenación económica, de medidas fiscais, de fomento da exportación e do comercio interior.

No seu inicio, o instrumento naceu coa vocación de responder a un dobre obxectivo: apoiar a exportación de bens e servizos españois e favorecer o desenvolvemento dos países beneficiarios do financiamento.

Para iso, a actividade do FAD articulouse mediante o financiamento de créditos bilaterais de goberno a goberno, de tipo concesional e ligados á compra de bens e servizos españois, seguindo as directrices en materia de crédito á exportación con apoio oficial da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (en diante, OCDE), coñecidas como Consenso OCDE.

O FAD creouse, por tanto, como instrumento de apoio á internacionalización da economía española, nun contexto de forte crise económica, permitíndolles ás nosas empresas acceder aos mercados dos países en desenvolvemento nunha posición de igualdade fronte aos seus rivais comerciais da OCDE, que viñan utilizando instrumentos moi similares no seu deseño.

Agora ben, co paso do tempo o FAD foi ampliando os seus obxectivos, na medida en que España empezaba a xogar un papel máis activo na escena internacional e, máis concretamente, na medida que España pasaba de ser beneficiario neto de axudas a ser país doador, asumindo con iso compromisos en materia de cooperación para o desenvolvemento.

Froito das sucesivas reformas a que se foi sometendo o instrumento, o FAD foi asumindo un maior compromiso coa cooperación financeira, pasando así de financiar case exclusivamente aquelas operacións ligadas á exportación para as cales inicialmente foi concibido, a financiar, ademais, outras iniciativas tan diversas na súa finalidade como accións de axuda humanitaria e de emerxencia, cotas, subscricións e achegas de capital ás institucións financeiras internacionais, así como as cotas e contribucións a programas e fondos de organismos multilaterais de desenvolvemento.

Esta progresiva transformación do instrumento puxo de manifesto unha serie de limitacións para seguir respondendo satisfactoriamente a obxectivos tan diferentes. En consecuencia, resulta aconsellable acometer unha reforma que descansa na convicción de que os distintos obxectivos, en materia de cooperación e de apoio á internacionalización da nosa economía en sentido amplo, apoio á internacionalización das empresas e representación en institucións financeiras multilaterais, requiren de instrumentos e recursos humanos expresamente adaptados para a eficiente consecución do seu propio fin.

Diferentes institucións internacionais, como o Programa de Nacións Unidas para o Desenvolvemento ou o Comité de Axuda ao Desenvolvemento da OCDE, veñen solicitando

e recomendando a progresiva eliminación da axuda ligada como instrumento de cooperación, na medida en que resta valor e eficacia á loita contra a pobreza.

Por outra banda, en repetidas ocasións, o Parlamento pronunciouse solicitando unha adecuada regulación legal do FAD que prevexa unha reforma en profundidade do instrumento para adecualo aos novos retos e compromisos da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento. Neste mesmo sentido, a Lei 38/2006, do 7 de decembro, de xestión da débeda externa, prevé a presentación por parte do Goberno ás Cortes Xerais dun proxecto de lei que regule o FAD.

En liña con todo iso, a presente lei ten por obxecto dar resposta a estes mandatos, mediante a creación dun novo instrumento que pasa a denominarse Fondo para a Promoción do Desenvolvemento (en diante, FONPRODE).

O obxectivo é modificar o marco normativo para dispor dun instrumento adecuado a cada obxectivo, de maneira que o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio contará cun novo instrumento financeiro de internacionalización da empresa, o FONPRODE canalizará unha parte das actuacións de axuda ao desenvolvemento efectuadas polo Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, incluídas as que se realicen en colaboración cos bancos e fondos de desenvolvemento, e as contribucións obrigatorias ás institucións financeiras internacionais, competencia do Ministerio de Economía e Facenda, levaranse a cabo a través da oportuna partida orzamentaria. Deste xeito, lógrase unha especialización e adecuación de cada instrumento aos seus fins específicos, evitándose as limitacións do instrumento anterior.

A coordinación e coherencia da actividade da Administración xeral do Estado en materia de cooperación internacional para o desenvolvemento quedarán aseguradas mediante o uso reforzado dos mecanismos e órganos previstos para tal efecto pola Lei 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional para o desenvolvemento, fundamentalmente pola Comisión Interministerial de Cooperación Internacional e a Comisión Delegada de Cooperación ao Desenvolvemento regulada polo Real decreto 680/2008, do 30 de abril.

Por outra banda, o FONPRODE enmarcará a súa actuación nos obxectivos e prioridades establecidos nos plans directores, recollidos no artigo 8 da Lei 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional para o desenvolvemento, como o que está en vigor para o período 2009-2012, aprobado polo Consello de Ministros o 13 de febreiro de 2009, que define e identifica os novos compromisos de España en materia de cooperación, loita contra a pobreza e desenvolvemento social e humano sustentable, avogando por un desenvolvemento respectuoso e duradeiro, impulsando o éxito da contribución de España ao cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento do milenio e ao resto de metas da comunidade internacional neste ámbito.

En resumo, resultaba imprescindible a transformación do FAD, dando lugar ao FONPRODE como un novo instrumento de segunda xeración, adaptado aos novos requirimentos e retos da nosa cooperación. Un instrumento moderno e capaz de responder aos compromisos de axuda asumidos por España en consonancia coas directrices internacionais de cooperación e a posición que responsablemente España soubo asumir cos países en desenvolvemento.

Precisamente, a creación do FONPRODE ten por finalidade:

a) Dotar a política española de cooperación internacional para o desenvolvemento dunha canle financeira adecuada aos requisitos de eficacia, coherencia e transparencia que impón a xestión da axuda ao desenvolvemento, de modo acorde cos principios e procesos recollidos nos documentos de planificación da cooperación española, na Declaración de París de eficacia da axuda, no Código europeo de conduta relativo á división do traballo no ámbito da política de desenvolvemento e na Axenda de Acción de Accra.

b) Avanzar no logro dos nosos compromisos internacionais como Estado doador, en especial en alcanzar o 0,7% da renda nacional bruta destinado á cooperación ao desenvolvemento antes de 2015, para contribuír así ao cumprimento dos compromisos da comunidade internacional en materia de desenvolvemento, e en especial ao cumprimento

do Consenso de Monterrei e da Declaración do milenio, tendo especial consideración do impacto que a actual crise económica global está a ter nos obxectivos de desenvolvemento do milenio.

Esta reforma descansa, ademais, nos seguintes eixes:

a) Detraer calquera finalidade de tipo comercial do FONPRODE. Para iso cómpre reconducir as axudas á exportación de empresas españolas no exterior cara aos instrumentos especificamente creados para o efecto, para non desvirtuar o conxunto da axuda oficial ao desenvolvemento española. Complemento substancial a esta lei é, polo tanto, a que prevé a regulación dos instrumentos de apoio á internacionalización que se consideren precisos.

Esta especialización por instrumentos e obxectivos, pola que xa optaron as principais economías e doadores da OCDE, ten o seu precedente en España nos artigos referidos ao FAD nas leis de orzamentos xerais do Estado para os anos 2007, 2008 e 2009, polos cales a dotación do FAD para os citados exercicios queda dividida en diferentes aplicacións orzamentarias, diferenciando así os recursos destinados á internacionalización da nosa economía daqueles outros destinados, por un lado, ás contribucións ás institucións financeiras internacionais e, por outro, ás que se dirixen aos organismos internacionais non financeiros.

b) Desligar a axuda financiada con cargo ao FONPRODE en atención ás recomendacións, declaracións e indicacións dadas polos organismos multilaterais de desenvolvemento.

c) Integrar plenamente o FONPRODE na cooperación, de maneira que se converta nunha das principais canles executoras dos correspondentes plans directores da cooperación de España e dos plans anuais de cooperación internacional, así como do resto de documentos da nosa cooperación, contribuíndo así, plenamente, ao obxectivo de coherencia da nosa política de cooperación internacional para o desenvolvemento.

d) Simplificar e axilizar o funcionamento do instrumento, para garantir unha rápida resposta e atención deste ás necesidades e obxectivos fixados pola nosa cooperación.

e) Concentrar o instrumento no financiamento daquelas iniciativas de cooperación que se xulgan máis necesarias para dotar a nosa cooperación dunha estrutura e composición de modalidades de axuda propia dun dos principais doadores, en atención á contribución ao desenvolvemento humano sustentable e ao enfoque baseado nos dereitos recoñecidos nos distintos acordos e convencións internacionais e ao cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento do milenio e do resto de metas asumidas pola comunidade internacional neste campo.

Para iso, será necesario modificar e ampliar a estrutura e os recursos humanos do sistema de cooperación español para garantir a viabilidade do FONPRODE e a plena aplicación dos eixes anteriormente expostos.

En virtude do anterior, con cargo ao FONPRODE financiaranse proxectos e programas de desenvolvemento, con carácter de doazón de Estado a Estado, en países menos adiantados, de renda baixa, de renda media e de renda media-baixa, nos sectores prioritarios da cooperación española; contribucións financeiras a programas de desenvolvemento e organismos multilaterais de desenvolvemento internacionais non financeiros dos cales España forme ou pase a formar parte, así como achegas a fondos globais e fondos fiduciarios constituídos ou por constituír en organismos multilaterais non financeiros, que teñan na loita contra a pobreza o seu principal obxectivo; achegas a determinados fondos en institucións financeiras internacionais; e achegas a programas de microfinanzas.

Ademais, con cargo ao FONPRODE poderanse conceder créditos, préstamos e liñas de financiamento en termos concesionais e con carácter non ligado, incluídas achegas a programas de microfinanzas, así como a adquisición temporal de participacións directas ou indirectas de capital ou case capital en vehículos de investimento financeiro, nos países prioritarios para a cooperación española, dotando así a nosa cooperación dun instrumento que se está a mostrar como un elemento fundamental para estimular o desenvolvemento económico. Estas operacións non suporán a implicación ou participación do FONPRODE

na política de apoio á internacionalización da empresa española, senón que deben servir de apoio ao tecido produtivo endógeno dos países socios, das distintas pequenas e medianas empresas de economía social, atendendo especificamente ás necesidades financeiras das iniciativas empresariais das mulleres nos países beneficiarios. Cando se recorra ao préstamo teranse debidamente en conta consideracións de risco e de sostibilidade de débeda no país receptor. A xestión da débeda así xerada realizarase de acordo co establecido na Lei 38/2006, do 7 de decembro, reguladora da xestión de débeda externa.

## II. Estrutura da lei

Esta Lei do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento organízase en tres eixes fundamentais, que constitúen os tres capítulos en que se integran os seus artigos.

O capítulo I está dedicado á creación, natureza, finalidade, ámbito de aplicación e principios de actuación do FONPRODE.

O capítulo II refírese á xestión, ao procedemento de concesión e avaliación do Fondo.

Por último, o capítulo III regula a figura do axente financeiro e os recursos do Fondo.

### CAPÍTULO I

#### **Creación, natureza, finalidade, ámbito de aplicación e principios de actuación do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento**

##### Artigo 1. *Obxecto da lei.*

1. A presente lei ten como obxecto a creación e o establecemento do réxime xurídico do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento (en diante, FONPRODE) como instrumento de cooperación ao desenvolvemento, xestionado polo Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, a través da Secretaría de Estado de Cooperación Internacional. O FONPRODE é un fondo carente de personalidade xurídica a que se refire o artigo 2.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

2. O FONPRODE ten como finalidade a erradicación da pobreza, a redución das desigualdades e inequidades sociais entre persoas e comunidades, a igualdade de xénero, a defensa dos dereitos humanos e a promoción do desenvolvemento humano e sustentable nos países empobrecidos.

##### Artigo 2. *Liñas de actuación e operacións financiáveis con cargo ao FONPRODE.*

1. Poderanse financiar con cargo ao FONPRODE, con carácter non ligado:

a) Proxectos e programas, estratexias e modalidades de axuda programática, con carácter de doazón de Estado a Estado, nos sectores prioritarios definidos nos correspondentes plans directores da cooperación española, para a consecución dos obxectivos de desenvolvemento acordados na axenda internacional e, en particular, dos obxectivos de desenvolvemento do milenio. Os países beneficiarios destas doazóns deberán ser cualificados segundo o Comité de Axuda ao Desenvolvemento como menos adiantados, de renda baixa ou de renda media e media-baixa e estar incluídos nas prioridades xeográficas establecidas polos correspondentes plans directores da cooperación española e plans anuais de cooperación internacional.

b) Contribucións e achegas a organismos multilaterais de desenvolvemento non financeiros, incluídos programas e fondos fiduciarios de desenvolvemento constituídos ou por constituír nos ditos organismos.

c) Asistencias técnicas, estudos de viabilidade, así como as avaliacións *ex ante* e *ex post* dos programas, así como da execución anual do Fondo en termos de garantir a súa sustentabilidade financeira, económica, social e ambiental, valorando a súa contribución aos obxectivos de desenvolvemento e promoción dos dereitos humanos. O resultado destas asistencias técnicas e consultorías deberá ser público e accesible.

d) Achegas a fondos constituídos en institucións financeiras internacionais de desenvolvemento, destinados á satisfacción das necesidades sociais básicas nos países en desenvolvemento nas áreas de saúde, educación, acceso á auga potable e saneamento, xénero, agricultura, desenvolvemento rural, seguridade alimentaria, sustentabilidade e cambio climático, achegas aos programas e fondos para a avaliación de impacto nos ditos sectores e achegas a fondos multidoadores xestionados ou administrados por institucións financeiras internacionais e destinados a países concretos en situacións de post-conflito ou fráxiles.

e) Concesión, se é o caso, de créditos, préstamos e liñas de financiamento en termos concesionais, incluídas achegas a programas de microfinanzas e de apoio ao tecido social produtivo, así como a adquisición temporal de participacións directas ou indirectas de capital ou case capital en institucións financeiras ou vehículos de investimento financeiras (fondos de fondos, fondos de capital risco, fondos de capital privado ou fondos de capital semente) dirixidas ao apoio a pequenas e medianas empresas de capital de orixe dos países beneficiarios descritos no número 2 deste artigo. O Plan Director da Cooperación Española establecerá o límite porcentual sobre a axuda oficial ao desenvolvemento que deberá alcanzar o total destes créditos, préstamos e liñas de financiamento reembolsable. Este límite será revisado e fixado en cada nova edición do plan, emitirá informe sobre el o Comité Executivo do Fondo e tramitarase de conformidade co procedemento de control parlamentario establecido no artigo 12, para os efectos da súa consideración no ditame parlamentario anual correspondente. Durante a vixencia do presente Plan Director da Cooperación Española 2009-2012, a proporción máxima que poidan alcanzar as operacións reembolsables, incluídas as especificadas nesta letra e), sobre o conxunto da axuda oficial ao desenvolvemento bruta, será do 5%.

Estas actuacións, que teñen como obxectivo promover un crecemento sostido, sustentable e inclusivo nos países incluídos nas prioridades xeográficas establecidas polos correspondentes plans directores da cooperación española e plans anuais de cooperación internacional, non suporán a implicación ou participación do FONPRODE na política de apoio á internacionalización da empresa española. Deste tipo de actividades informarase puntualmente ao departamento competente na forma en que regulamentariamente se determine, para garantir a coherencia de actuación no país beneficiario.

2. Os Estados de países cualificados polo Comité de Axuda ao Desenvolvemento da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (en diante OCDE) como países menos adiantados, países de renda baixa, ou de renda media, poderán ser beneficiarios dos créditos, préstamos e liñas de financiamento a que se fai referencia na letra e) do número anterior, no marco dos obxectivos e prioridades establecidos polo Plan Director da Cooperación Española.

Nestes casos, o Estado beneficiario deberá achegar a correspondente garantía soberana.

Para os países menos adiantados, as operacións con cargo ao FONPRODE en forma de crédito de Estado a Estado non poderán financiar servizos sociais básicos e non se poderá outorgar ningún tipo de financiamento reembolsable a países pobres que estean altamente endebedados.

As condicións financeiras dos créditos e liñas de financiamento concesionais axustaranse ao marco normativo internacional.

Previamente á concesión do préstamo realizarase a necesaria análise de risco e de impacto sobre a sostibilidade da débeda no país receptor, que se remitirá, xunto coas condicións financeiras e a definición de garantías, ao Ministerio de Economía e Facenda para a súa valoración.

Neste sentido, os países que alcanzasen o punto de culminación da iniciativa HIPC (nas súas siglas en inglés) só poderán excepcionalmente ser beneficiarios deste tipo de operacións reembolsables cando así o autorice expresamente o Consello de Ministros, por proposta do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, e logo da análise da



Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, que efectúe unha valoración sobre o impacto do crédito na débeda do país receptor e o correspondente estudo de sostibilidade da débeda realizado polas institucións financeiras internacionais.

A xestión, información e control parlamentario da débeda así xerada levarase a cabo conforme o establecido na Lei 38/2006, do 7 de decembro, reguladora da xestión da débeda externa.

### Artigo 3. *Principios de actuación.*

1. O conxunto de iniciativas con cargo ao FONPRODE respectará os obxectivos, directrices e indicacións previstos na Lei 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional para o desenvolvemento, os plans directores da cooperación española, plans anuais de cooperación internacional e demais documentos de planificación da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento. Igualmente, serán coherentes coa axenda internacional en materia de desenvolvemento, especialmente cos obxectivos de desenvolvemento do milenio, e a loita contra a pobreza e a discriminación por razóns de xénero ou orientación sexual, relixión, etnia, idade, discapacidade, ou calquera outra forma de exclusión social.

2. Desde o punto de vista orgánico, a coordinación e coherencia da actividade da Administración xeral do Estado en materia de cooperación internacional para o desenvolvemento, no conxunto de iniciativas con cargo ao FONPRODE, quedarán aseguradas mediante o uso reforzado dos mecanismos e órganos previstos para tal efecto pola Lei 23/1998, de cooperación internacional para o desenvolvemento, así como a través do Comité Executivo do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento previsto no artigo 8.

## CAPÍTULO II

### **Xestión, procedemento de concesión e avaliación**

#### *Sección 1.<sup>a</sup> Xestión do FONPRODE*

### Artigo 4. *Xestión.*

De acordo co establecido na Lei 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional para o desenvolvemento, a xestión do FONPRODE, incluído o estudo, a planificación, negociación e seguimento das axudas con cargo a el, é competencia do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, como axente reitor da política de desenvolvemento, a través da Secretaría de Estado de Cooperación Internacional e da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento como órgano de execución, sen prexuízo do disposto nos artigos 5.2 e 10.2. Esta xestión desenvolverase regulamentariamente.

#### *Sección 2.<sup>a</sup> Procedemento de concesión*

### Artigo 5. *Identificación de accións.*

1. Das accións que cumpran os requisitos recollidos no artigo 2.1, serán accións elixibles aquelas que se insiran nos obxectivos de desenvolvemento do milenio. Así mesmo, serán preferentes aquelas accións que respondan aos obxectivos e prioridades sectoriais e xeográficas establecidas na Lei de cooperación internacional para o desenvolvemento, nos correspondentes plans directores e demais documentos de planificación da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento. No que respecta ás recollidas no artigo 2.1 a) e e), serán accións financiáveis aquelas elixibles que, ademais, sexan priorizadas polos beneficiarios.

2. A identificación das accións realizaraa o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, a través da Secretaría de Estado de Cooperación Internacional e da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento. A identificación das

actuacións recollidas no artigo 2.1.d) levarase a cabo conxuntamente co Ministerio de Economía e Facenda.

#### Artigo 6. *Catálogo de accións.*

1. Sen prexuízo do disposto no artigo 2.1, para a planificación do instrumento o Plan Anual de Cooperación Internacional establecerá cada ano un catálogo de accións elixibles e preferentes que se financiarán con cargo ao FONPRODE.

2. Na elaboración do catálogo de accións serán desestimadas todas aquelas accións que non sexan prioritarias para os países receptores e elixibles.

#### Artigo 7. *Material militar, policial e de dobre uso.*

En ningún caso se poderán imputar a este Fondo gastos derivados da adquisición de equipamento ou subministración de equipamentos militares, policiais ou susceptibles de dobre uso para exércitos, forzas policiais ou de seguridade, ou servizos antiterroristas.

#### Artigo 8. *Comité Executivo do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento.*

1. O Comité Executivo do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento estudará e valorará todas as propostas de financiamento con cargo ao Fondo que lle sexan presentadas pola Oficina do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento, e decidirá a súa elevación para autorización polo Consello de Ministros, segundo os procedementos que se establezan regulamentariamente.

2. O Comité Executivo do Fondo reunirse en sesión ordinaria polo menos unha vez por trimestre e en extraordinaria todas as veces que foren necesarias.

3. O Comité Executivo do Fondo estudará e valorará a programación operativa do Fondo que se deberá integrar na programación operativa da Axencia Española de Cooperación Internacional e dos plans anuais e directores da cooperación española, analizando, así mesmo, as avaliacións e ditames sobre a actuación do Fondo que emitan os correspondentes órganos consultivos e de control da cooperación española.

4. O Comité Executivo do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento, adscrito ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, estará presidido polo secretario ou secretaria de Estado de Cooperación Internacional e, xunto cos representantes do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación que correspondan, formarán parte del representantes do Ministerio de Economía e Facenda, dos demais organismos e departamentos ministeriais que xestionen fondos que computen como axuda oficial ao desenvolvemento e o Instituto de Crédito Oficial. A súa constitución, composición e funcións serán establecidas no regulamento de desenvolvemento desta lei, que asegurará unha presenza maioritaria do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación no dito comité.

#### Artigo 9. *Adxudicación de proxectos e programas.*

1. A adxudicación da execución de proxectos e programas financiados con cargo ao FONPRODE en virtude do artigo 2.1.a) e, se é o caso, do artigo 2.1.e) levaraa a cabo o beneficiario seguindo a normativa local que lle sexa de aplicación.

2. Nos convenios de financiamento en que se formalicen as axudas con cargo ao FONPRODE establecerase a obriga de que nos procedementos de adxudicación mencionados no número anterior se vele polo cumprimento das convencións internacionais subscritas por España, e das seguintes condicións, que se deberán especificar na adxudicación dos proxectos financiados:

— Respecto pola entidade executora das normas e directrices en materia de dereitos humanos, de responsabilidade social corporativa e das normas internacionais da Organización Internacional do Traballo ratificadas por España.

— Respecto ao catálogo anticorrupción da OCDE.

— Garantía dos principios de transparencia, competencia e publicidade, mediante licitación pública.

No desenvolvemento regulamentario correspondente estableceranse os tipos de actuacións en que se requirirán estudos de impacto social e de xénero, e ambiental.

Artigo 10. *Subscrición de acordos con organismos internacionais.*

1. O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, a través da Secretaría de Estado de Cooperación Internacional, subscribirá co organismo internacional receptor os acordos que formalicen as achegas previstas na presente lei.

2. Non obstante, a subscrición coa institución financeira internacional receptora dos acordos que formalicen as achegas previstas no artigo 2.1. d) corresponderá ao gobernador ou gobernadora por España nas institucións financeiras internacionais, conxuntamente coa Secretaría de Estado de Cooperación Internacional do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

3. O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación asumirá as competencias relacionadas coa negociación, tramitación e xestión das contribucións a organismos internacionais realizadas con cargo ao FONPRODE. Así mesmo, o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación exercerá a representación de España ante os fondos constituídos en institucións financeiras internacionais, cando neles se traten cuestións relacionadas coas contribucións realizadas con cargo ao FONPRODE.

*Sección 3.<sup>a</sup> Seguimento, avaliación e control dos proxectos do FONPRODE*

Artigo 11. *Sistemas de avaliación e control.*

1. A avaliación afectará todas as operacións que se fagan con cargo ao FONPRODE tanto anterior ao seu financiamento como posterior á súa execución, seguindo os criterios marcados polo correspondente Plan Director da Cooperación Española e o resto de documentos en materia de avaliación da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento.

2. Nos convenios de financiamento previstos no artigo 9.2 preverase a posibilidade de que o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación anule ou revogue e deixe sen efecto as operacións de concesión de financiamento con cargo ao FONPRODE en que se produza un incumprimento das condicións previstas no convenio de financiamento.

3. Os convenios de financiamento a que se refire este artigo fixarán as consecuencias que deriven dos incumprimentos das persoas físicas ou xurídicas que resulten beneficiarias destes instrumentos de financiamento da cooperación española.

Artigo 12. *Control parlamentario.*

1. O Goberno remitirá un informe anual ao Congreso dos Deputados e ao Senado das operacións imputadas con cargo a este Fondo, dos seus obxectivos, país de destino, sectores de intervención e institucións beneficiarias, así como das condicións de contratación e adxudicación, as contías comprometidas e desembolsadas, dos criterios de selección dos diferentes instrumentos, adxudicacións finalmente aprobadas e as avaliacións realizadas, indicando, así mesmo, a porcentaxe de axuda oficial ao desenvolvemento reembolsable que corresponda aos créditos e préstamos concesionais concedidos no dito exercicio.

Ao mesmo tempo, fará extensivo este informe ao Consello de Cooperación ao Desenvolvemento, que o poderá trasladar, pola súa vez, a outras institucións sociais afectadas.

2. Para os ditos efectos, a Secretaría de Estado de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento comparecerá ante as comisións de Cooperación para o Desenvolvemento do Congreso dos Deputados e do Senado, para presentar o dito informe e dar conta da súa execución, así como facer balance das actuacións do FONPRODE e da súa adecuación aos obxectivos previstos nesta lei.

Pola súa banda, o Congreso dos Deputados e o Senado emitirán un ditame que inclúa as recomendacións dos distintos grupos parlamentarios. Este ditame conterá unha análise



con todos os factores de avaliación de accións de desenvolvemento e da evolución da cooperación reembolsable.

O dito informe anual, xunto cos ditames correspondentes, serán publicados na páxina web do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

### CAPÍTULO III

#### Recursos e axente financeiro

##### Artigo 13. *Recursos do FONPRODE.*

1. Para a cobertura con carácter anual das necesidades financeiras do FONPRODE, a Lei de orzamentos xerais do Estado consignará unha dotación orzamentaria baixo a dirección do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación. Á dita dotación deberanse sumar os recursos procedentes das devolucións ou cesións onerosas de préstamos e créditos concedidos en virtude do artigo 2.1.e), así como aqueles fluxos económicos procedentes das comisións e xuros xerados e cobrados pola realización dos ditos activos financeiros. A dotación orzamentaria, establecida na Lei de orzamentos xerais do Estado, será desembolsada e transferirse ao Instituto de Crédito Oficial, axente financeiro do Estado, de acordo coas necesidades do Fondo.

2. Ademais de establecer as dotacións que anualmente se vaian incorporando ao FONPRODE, a Lei de orzamentos xerais do Estado fixará anualmente o importe máximo das achegas que poderán ser autorizadas no dito exercicio orzamentario con cargo ao referido Fondo. Dentro deste importe máximo, a Lei de orzamentos xerais do Estado de cada ano fixará, así mesmo, importes máximos concretos, sen menoscabo do establecido no artigo 8 da Lei 23/1998, de cooperación internacional ao desenvolvemento, que correspondan ás seguintes operacións:

- a) Para as operacións relacionadas no artigo 2.1.a), b) e c).
- b) Para as operacións recollidas no artigo 2.1.d), co obxecto de garantir a coherencia da política nas institucións financeiras internacionais.
- c) Para as operacións a que se refire o artigo 2.1.e).

3. Por último, a Lei de orzamentos xerais do Estado fixará anualmente o importe máximo das operacións que con efecto en déficit público poderán ser autorizadas no dito exercicio orzamentario con cargo ao referido Fondo, tendo en conta o límite do 5% establecido para as operacións a que se refire o artigo 2.1.e). Para os efectos do cumprimento deste límite, a Secretaría de Estado de Cooperación Internacional xuntaralles ás propostas de financiamento con cargo ao FONPRODE un informe sobre o seu impacto no déficit público, o cal será elaborado pola Intervención Xeral da Administración do Estado, por solicitude da Secretaría de Estado de Cooperación Internacional.

##### Artigo 14. *Axente financeiro.*

O Instituto de Crédito Oficial formalizará, en nome e representación do Goberno español e por conta do Estado, os correspondentes convenios que se subscribirán cos beneficiarios, a excepción do previsto no artigo 10. Así mesmo, levará a cabo os desembolsos de importes comprometidos con organismos multilaterais.

Igualmente, prestará os servizos de instrumentación técnica, contabilidade, caixa, axente pagador, control e, en xeral, todos os de carácter financeiro relativos ás operacións autorizadas con cargo ao FONPRODE, sen prexuízo das competencias que en materia de control establece a Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e demais normativa legal vixente.

Anualmente, con cargo ao FONPRODE, logo de autorización por Acordo do Consello de Ministros, compensarase o Instituto de Crédito Oficial polos gastos en que incorra no desenvolvemento e execución da función que se lle encomenda.

Artigo 15. *Réxime orzamentario e rendición de contas.*

1. O réxime orzamentario, económico-financeiro, contable e de control do FONPRODE rexeráse pola súa lexislación específica e, supletoriamente, pola Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, naqueles preceptos que lle sexan de aplicación.

En todo caso, a aplicación da Lei 47/2003, do 26 de novembro, en canto á elaboración dos orzamentos de capital e explotación a que se refire o artigo 64 da citada lei e á formulación dun programa de actuación plurianual previsto no artigo 65, someterase aos criterios de administración e aplicación do Fondo. En todo caso, o FONPRODE manterá a súa contabilidade independente á do Estado e formará as súas contas debidamente auditadas, no primeiro semestre do exercicio posterior, que serán sometidas á aprobación dos órganos específicos creados para a súa administración, xestión e control.

Os dividendos e outras remuneracións que resulten da aplicación do Fondo serán destinados ás súas finalidades específicas, sen prexuízo de que para optimizar a xestión poida manter contas de depósito ou de investimento en entidades financeiras distintas do Banco de España, domiciliadas en países que cumpran as normas internacionais en materia de transparencia financeira, prevención de branqueo de capitais e loita contra a evasión fiscal, logo de autorización da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, conforme o establecido no artigo 109 da Lei 47/2003, do 26 de novembro.

2. O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, a través da Secretaría de Estado de Cooperación Internacional, será o encargado da rendición de contas do FONPRODE, en canto que órgano de xestión deste.

Artigo 16. *Inembargabilidade dos recursos do Fondo.*

Os tribunais, xuíces e autoridades administrativas non poderán, por débedas dos Estados estranxeiros beneficiarios exhibibles en territorio español, ou por débedas das empresas executoras ou beneficiarias de proxectos financiados con cargo a FONPRODE, despachar mandamentos de execución nin ditar providencias de embargo contra os dereitos, fondos e valores produto da realización, liquidación e pagamento por parte da autoridade española concedente ou o seu axente financeiro, dos financiamentos outorgados con cargo ao FONPRODE.

Artigo 17. *Coordinación, complementariedade e coherencia de políticas.*

1. A coordinación, a complementariedade e a coherencia da actividade dos axentes públicos en materia de cooperación internacional ao desenvolvemento aseguraranse mediante o uso reforzado dos mecanismos e órganos previstos para tal efecto pola Lei 23/1998, de cooperación internacional para o desenvolvemento, en especial dos órganos consultivos, así como da Comisión Delegada de Cooperación ao Desenvolvemento, regulada polo Real decreto 680/2008, do 30 de abril.

2. O Consello de Cooperación poderá ditaminar, cando o considere oportuno, o informe anual preparado pola Oficina do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento e a Dirección Xeral de Planificación e Avaliación de Políticas de Cooperación, previsto no artigo 12, e con carácter previo á súa remisión ás comisións de Cooperación ao Desenvolvemento do Congreso dos Deputados e do Senado. No dito suposto, o ditame do Consello será remitido ás Cortes Xerais xunto ao citado informe anual.

3. A Comisión Delegada de Cooperación ao Desenvolvemento actuará como máxima instancia de coordinación do Goberno en materia de coherencia de políticas.

Disposición adicional primeira.

1. No seo da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, baixo a dirección estratéxica da súa Presidencia, adoptaranse as medidas necesarias, de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias, para a constitución da Oficina do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento, con rango de dirección, á cal corresponderá a administración do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento.

2. A estrutura orgánica e as funcións da Oficina do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento determinaranse regulamentariamente.

Disposición adicional segunda. *Asunción de dereitos e obrigas derivados do Fondo de Axuda ao Desenvolvemento.*

1. A partir da entrada en vigor desta lei, e unha vez liquidado o Fondo de Axuda ao Desenvolvemento (en diante FAD), conforme o previsto na disposición transitoria primeira, o FONPRODE asumirá os dereitos e obrigas do FAD que puidesen derivar de operacións por iniciativa do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

2. Os dereitos e obrigas do FAD derivados de operacións por iniciativa do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio serán asumidos polo instrumento financeiro de internacionalización económica creado especificamente con esa finalidade por lei, tan axiña como a dita lei entre en vigor.

3. O Ministerio de Economía e Facenda asumirá, a partir da entrada en vigor desta lei, os dereitos e obrigas do FAD derivados de operacións por iniciativa deste departamento.

Disposición adicional terceira. *Transferencia das iniciativas e proxectos con cargo ao FAD.*

1. O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio transferirá todas aquelas propostas e iniciativas dese departamento con cargo ao FAD e que estean en tramitación, as liñas de crédito aprobadas polo Consello de Ministros con cargo ao FAD, por iniciativa dese ministerio e pendentes de utilización, así como as obrigas de pagamento que deriven de operacións xa aprobadas e pendentes de formalizar por iniciativa dese mesmo departamento e con cargo ao dito Fondo, cara a outro instrumento financeiro de internacionalización económica creado especificamente con esa finalidade por lei, tan axiña como a dita lei entre en vigor.

2. O Ministerio de Economía e Facenda transferirá todas aquelas propostas e iniciativas dese departamento con cargo ao FAD e que estean en tramitación, ou pendentes de formalizar, á aplicación orzamentaria correspondente.

3. O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación transferirá ao FONPRODE todas aquelas propostas e iniciativas dese departamento con cargo ao FAD que estean en tramitación, e as aprobadas e pendentes de formalizar.

Disposición adicional cuarta. *Transferencias de balance e contas de Tesouraría.*

1. A partir da entrada en vigor desta lei, os activos e pasivos do FAD atribuíbles a operacións por iniciativa do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación serán transferidos ao Balance do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento.

Así mesmo, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio transferirá todos os activos e pasivos do FAD atribuíbles a operacións por iniciativa do dito departamento ao balance doutro instrumento financeiro de internacionalización económica creado especificamente con esa finalidade por lei, tan axiña como a dita lei entre en vigor, a excepción dos activos e pasivos que se determinen regulamentariamente.

Por último, o Ministerio de Economía e Facenda transferirá todos os activos e pasivos do FAD atribuíbles a operacións por iniciativa do dito departamento ao balance deste ministerio.

2. A partir da entrada en vigor desta lei, o saldo da conta de Tesouraría do FAD co nome «Fondo de Axuda ao Desenvolvemento en materia de cooperación», transferirase á conta de Tesouraría do FONPRODE.

Así mesmo, coa entrada en vigor desta lei, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio transferirá o saldo da conta de Tesouraría do FAD co nome «Fondo de Axuda ao Desenvolvemento para a Internacionalización» á conta de Tesouraría doutro instrumento financeiro de internacionalización económica creado especificamente con esa finalidade por lei, tan axiña como a dita lei entre en vigor.

Por último, coa entrada en vigor desta lei, o Ministerio de Economía e Facenda transferirá o saldo da conta de Tesouraría do FAD co nome «Fondo de Axuda para Institucións Financeiras Internacionais e para a Xestión da Débeda Externa (FIDE)» á conta de Tesouraría do Ministerio de Economía e Facenda no Banco de España.

3. Os importes de principal, xuros ou comisións xerados e cobrados como consecuencia de créditos concedidos con cargo ao FAD por iniciativa do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, con anterioridade á entrada en vigor desta lei, serán ingresados na conta de Tesouraría do FONPRODE.

Así mesmo, os importes de principal, xuros ou comisións xerados e cobrados como consecuencia de créditos concedidos con cargo ao FAD por iniciativa do Ministerio de Economía e Facenda, con anterioridade á entrada en vigor desta lei, serán ingresados na conta de Tesouraría do Ministerio de Economía e Facenda no Banco de España.

Por último, os importes de principal, xuros ou comisións xerados e cobrados como consecuencia de créditos concedidos con cargo ao FAD por iniciativa do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio con anterioridade á entrada en vigor desta lei, incluíndo os derivados de acordos bilaterais ou multilaterais de refinanciamento autorizados polo Consello de Ministros, serán ingresados na conta de Tesouraría doutro instrumento financeiro de internacionalización económica, creado especificamente con esa finalidade por lei, tan axiña como a dita lei entre en vigor.

Disposición adicional quinta.

O Goberno presentará anualmente un informe escrito ante as comisións de Industria, Turismo e Comercio e as comisións de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento do Congreso dos Deputados e do Senado, sobre a actividade do Punto Nacional de Contacto Español (PNCE), establecido no ámbito das liñas directoras da OCDE para empresas multinacionais, no caso de que aquel desenvolvese algún tipo de actuación específica que afecte os países beneficiarios da axuda oficial ao desenvolvemento.

Disposición transitoria primeira. *Rendición de contas e réxime xurídico aplicable durante a liquidación e rendición de contas do FAD.*

1. A rendición de contas da liquidación do FAD levarase a cabo de acordo co establecido nos artigos 137 ao 139 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, logo de conformidade da Comisión Interministerial do FAD.

2. A disposición adicional vixésimo segunda da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, permanecerá en vigor ata a total liquidación do FAD e a finalización do proceso de rendición de contas previsto no número anterior.

Disposición transitoria segunda. *Recursos.*

Unha vez que entre en vigor esta lei e en canto non se estableza na Lei de orzamentos xerais do Estado a dotación e límites a que se refire o artigo 13, computarán para os efectos de dotación e límite de aprobación de operacións con cargo ao FONPRODE os saldos non dispostos e límites non cubertos previstos para o FAD na Lei de orzamentos xerais do Estado que resulte de aplicación, no que ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación se refire.

Disposición derogatoria única. *Normas derogadas.*

1. Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ao disposto nesta lei.

2. Quedan derogadas expresamente as seguintes disposicións:

a) Puntos segundo e terceiro do artigo 28 da Lei 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional para o desenvolvemento.

b) Disposición adicional vixésimo segunda da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, sen prexuízo do disposto na disposición transitoria primeira desta lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional para o desenvolvemento.*

Modifícanse os artigos 15, números 1 e 2, e 24.2 da Lei 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional para o desenvolvemento.

Un. O artigo 15 quedará redactado nos seguintes termos:

«1. Ás Cortes Xerais correspóndelles establecer cada catro anos, na forma e modo que se determine e por proposta e iniciativa do Goberno, as liñas xerais e directrices básicas da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento. Para tal efecto, o Goberno remitirá ás Cortes Xerais, con anterioridade á súa aprobación, a proposta do plan director plurianual a que se refire o artigo 8 para o seu debate e ditame.

2. As Cortes Xerais debaterán anualmente, na forma e modo que se determine e por proposta e iniciativa do Goberno, a política española de cooperación internacional para o desenvolvemento. Para tal efecto, o Goberno remitirá ás Cámaras, con anterioridade á súa aprobación, a proposta do plan anual a que se refire o artigo 8 para o seu debate e ditame.»

O resto do artigo permanece coa súa redacción orixinal.

Dous. O artigo 24 quedará redactado nos seguintes termos:

«2. A Comisión Interministerial de Cooperación Internacional, logo de ditame do Congreso dos Deputados e do Senado, someterá á aprobación do Goberno, a través do ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, as propostas do plan director e plan anual e coñecerá os resultados do documento de seguimento do plan anual e da avaliación da cooperación.»

O resto do artigo permanece coa súa redacción orixinal.

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 9/2010, do 14 de abril, pola que se regula a prestación de servizos de tránsito aéreo, se establecen as obrigas dos provedores civís dos ditos servizos e se fixan determinadas condicións laborais para os controladores civís de tránsito aéreo.*

Un. Modifícase o punto segundo da disposición adicional cuarta da Lei 9/2010, do 14 de abril, pola que se regula a prestación de servizos de tránsito aéreo, se establecen as obrigas dos provedores civís dos ditos servizos e se fixan determinadas condicións laborais para os controladores civís de tránsito aéreo, que queda coa seguinte redacción:

«Disposición adicional cuarta. *Límites ao desempeño de funcións operativas, situación de reserva activa e xubilación.*

.....

2. Os controladores de tránsito aéreo que alcancen os 57 anos de idade deberán renovar ou revalidar o certificado médico a que se refire o artigo 25 do Real decreto 1516/2009, do 2 de outubro, polo que se regula a licenza comunitaria de controlador de tránsito aéreo, cada 6 meses como máximo.

Os controladores de tránsito aéreo que perdan a súa aptitude psicofísica deixarán de desempeñar funcións operativas de control de tránsito aéreo, e o provedor de servizos deberalles ofertar outro posto de traballo que non supoña o



exercicio desas funcións. Este novo posto de traballo será retribuído de acordo coas funcións que efectivamente realice o controlador.

Cando o proveedor de servizos non puidese ofertar un posto que non comporte funcións operativas de control de tránsito aéreo conforme o previsto no parágrafo anterior, o controlador pasará a unha situación de reserva activa ata que alcance a idade de xubilación forzosa.

A retribución correspondente á situación de reserva activa acordarase mediante negociación colectiva cos representantes dos traballadores. A percepción desta retribución é incompatible con calquera outro traballo por conta propia ou allea, agás a realización de labores de formación aeronáutica ou labores de inspección aeronáutica no ámbito da Unión Europea. A realización doutro traballo por conta propia ou allea suporá a rescisión da relación contractual co proveedor de servizos de tránsito aéreo por renuncia do traballador.

O controlador que se encontre en situación de reserva activa continuará dado de alta na Seguridade Social, contribuirá da mesma maneira que antes de entrar nesta situación e manterá a cotización nos mesmos termos en que a viña realizando con anterioridade ao acceso á dita situación.

.....»

Dous. A nova regulación dos límites ao desempeño de funcións operativas introducido polo número un desta disposición será de aplicación a todos os controladores de tránsito aéreo que cumprisen 57 anos de idade, aínda que cesasen no exercicio de funcións operativas tras a entrada en vigor da Lei 9/2010, do 14 de abril. Estes controladores de tránsito aéreo serán repostos no exercicio de funcións sempre que acrediten a súa plena aptitude psicofísica e cumpran cos demais requisitos establecidos pola lexislación aplicable.

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 31/1985, do 2 de agosto, de regulación das normas básicas sobre órganos reitores das caixas de aforros.*

Modifícanse os artigos 2.Tres, 12.Dous e 27 da Lei 31/1985, do 2 de agosto, de regulación das normas básicas sobre órganos reitores das caixas de aforros.

Un. O parágrafo cuarto do número tres do artigo 2 queda modificado como segue:

«A porcentaxe de representación das entidades representativas de intereses colectivos será como mínimo do 5% dos dereitos de voto en cada órgano.»

Dous. O artigo 12.Dous queda modificado como segue:

«Dous. Os acordos da asemblea xeral adoptaranse como regra xeral por maioría simple de votos dos concorrentes. A aprobación e modificación dos estatutos e o regulamento da caixa, a disolución e liquidación da entidade, a súa fusión ou integración con outras entidades, a súa transformación nunha fundación de carácter especial e a decisión de desenvolver a súa actividade de maneira indirecta conforme o previsto no Real decreto lei 11/2010, do 9 de xullo, de órganos de goberno e outros aspectos do réxime xurídico das caixas de aforros, requirirán en todo caso a asistencia de conselleiros xerais e, de ser o caso, cotaparticipes, que representen a maioría dos dereitos de voto. Será necesario, ademais, o voto favorable de, como mínimo, dous terzos dos dereitos de voto dos asistentes.

Sen prexuízo do previsto no capítulo IV deste título, cada conselleiro xeral terá dereito a un voto, e outorgarase a quen presida a reunión o voto de calidade. Os acordos validamente adoptados obrigan a todos os conselleiros xerais, incluídos os disidentes e ausentes.

Asistirá ás asembleas xerais con voz, pero sen voto, o director xeral da entidade.»

Tres. O artigo 27 queda modificado como segue:

«O exercicio do cargo de director xeral ou asimilado e o de presidente executivo do consello de administración dunha caixa de aforros require dedicación exclusiva e será, polo tanto, incompatible con calquera actividade retribuída tanto de carácter público como privado, salvo a administración do propio patrimonio e aquelas actividades que exerza en representación da caixa. Neste último caso, os ingresos que obteñan, distintos a axudas de asistencia a consellos de administración ou similares, deberanse ceder á caixa por cuxa conta realiza a dita actividade ou representación.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do Real decreto lei 11/2010, do 9 de xullo, de órganos de goberno e outros aspectos do réxime xurídico das caixas de aforros.*

Modifícanse as disposicións transitorias cuarta, quinta e sétima do Real decreto lei 11/2010, do 9 de xullo, de órganos de goberno e outros aspectos do réxime xurídico das caixas de aforros.

Un. A disposición transitoria cuarta queda modificada como segue:

«Disposición transitoria cuarta. *Adaptación de novos órganos de goberno.*

A adaptación da asemblea xeral e dos demais órganos das caixas ás normas contidas neste real decreto lei realizarase dentro dos dous meses seguintes ao da aprobación dos estatutos e regulamentos das caixas de aforros, sen prexuízo do previsto na disposición transitoria sexta.»

Dous. A disposición transitoria quinta queda modificada como segue:

«Disposición transitoria quinta. *Continuidade de actuais órganos de goberno.*

En canto non se producise a adaptación da asemblea xeral ao previsto neste real decreto lei e sen prexuízo do previsto na disposición transitoria sexta, o goberno, representación e administración das caixas de aforros seguirán atribuídos aos seus órganos de goberno na súa composición actual, que, en consecuencia, adoptarán os acordos necesarios para a debida execución e cumprimento das normas contidas neste real decreto lei.»

Tres. A disposición transitoria sétima queda modificada como segue:

«Disposición transitoria sétima. *Cómputo total do mandato en determinados supostos.*

Para o cómputo total de mandatos dos membros dos órganos de goberno das caixas de aforros teranse en conta as seguintes normas:

a) Se se desempeñar o cargo con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei e resultase novamente elixido na mesma entidade, o cómputo total do seu mandato non poderá superar en ningún caso os doce anos, tendo en conta o tempo que desempeñase o cargo con anterioridade. Sen prexuízo do anterior, en caso de caixas de aforros que acorden a súa integración con outras entidades ou o exercicio indirecto da súa actividade financeira en canto aos cargos en vigor no momento da entrada en vigor deste real decreto lei, poderase superar o límite de doce anos ata o cumprimento do mandato en curso na entidade de que se trate.

b) Se resultar elixido nunha entidade resultante dun proceso de fusión quen tiver desempeñado o cargo con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei nunha das entidades fusionadas, poderá superar o límite de doce anos computado conforme a letra anterior ata o cumprimento do seu primeiro mandato na entidade

fusionada. En todo caso, aos membros dos órganos de goberno que inicien mandato nas entidades fusionadas aplicaráselles o previsto no número tres do artigo 1 da Lei 31/1985, do 2 de agosto.»

Disposición derradeira quinta. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Habíltese o Goberno para que dite cantas disposicións regulamentarias sexan necesarias para o desenvolvemento da presente lei, logo de informe da Comisión Delegada de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento.

O Goberno, no prazo dun mes a partir da entrada en vigor da lei, establecerá por real decreto a normativa correspondente ao funcionamento do FONPRODE.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor aos noventa días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», salvo o previsto nas disposicións derradeiras segunda, terceira e cuarta, que entrarán en vigor o día seguinte ao da citada publicación.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 22 de outubro de 2010.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO